

CONVENIO Nº 2691/11 DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO MUNICIPAL DOS DEPORTES DE VIGO E A ASOCIACIÓN DOWN VIGO POLA UTILIZACIÓN DA INSTALACIÓN MUNICIPAL DO PAVILLÓN DE LAVADORES PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE A.F. VINCULADO ÁS NECESIDADES ESPECIAIS DO COLECTIVO.

Dunha parte D. Abel Caballero Álvarez, Alcalde do Concello de Vigo.

Doutra parte D. Fernando Molina Magdalena, como representante legal da Asociación Down Vigo, CIF: G-36697324

MANIFESTAN QUE

O Concello de Vigo, a través da súa Concellería de deportes e do Instituto Municipal dos Deportes, ten entre os seus obxectivos, colaborar coa dinamización das actividades vinculadas á actividade física e deportiva en calquera das súas manifestacións ou vertentes, entre as que se atopan as do ámbito educativo e formativo, e o desenvolvemento de programas vinculados a colectivos cunhas necesidades especiais.

A Asociación Down Vigo é unha entidade declarada de utilidade pública, de carácter benéfico-social, sin ánimo de lucro, con capacidade jurídica e plena capacidade de obrar según os estatutos presentados pola entidade.

A Asociación Down ten entre os seus fins, a creación e promoción de servicios de atención directa que sirvan para a atención, formación e promoción da autonomía e integración na sociedade de persoas con Síndrome de Down, a promoción e organización de actividades de ocio e tempo libre dirixidas a xóvenes con Síndrome de Down, que fomenten a súa participación na comunidade, e establecer actividades de colaboración con outras entidades e institucións.

Por outra banda, a Ordenanza Nº 52, Reguladora de prezos públicos pola utilización das instalacións deportivas municipais pertencentes ó IMD, no seu artigo 6, apartado c), establece que *"as actividades deportivas organizadas polo propio IMD e pola Concellería de Deportes, ben directamente ou a través de convenios de colaboración con outras institucións ou entidades (Persoas físicas ou xurídicas) coa autorización expresa do Presidente do Consello de Administración do IMD condicionada á ratificación definitiva polo devandito Consello de Administración"*

As actuacións de colaboración entre administracións no eido do deporte e a A..F vinculada ó desenvolvemento de programas orientados a colectivos con determinadas necesidades especiais pode contribuir a consolidar hábitos de vida saudable, a incrementar os niveis de autonomía destas persoas, a mellorar a condición física destes colectivos da cidade e a mellorar as condicións nas que se desenvolven as actividades docentes e no ámbito deportivo.

Polo cal procédese asinar un convenio de colaboración que rexirásese polas seguintes cláusulas,

CLAÚSULAS

1. Este convenio establécese como marco de entendemento e colaboración mutua que permita desenvolver o programa de Actividade física da Asociación Down nas instalacións Municipais do Pavillón de Lavadores.
2. A Asociación Down, en base ó artigo 6, letra c), da ordenanza Nº 52, Reguladora de prezos públicos pola utilización das instalacións deportivas municipais

3. pertencentes ó IMD, estará exento de abonar o prezo público correspondente a utilización da instalación obxecto do presente convenio, e que ascende ó importe de 1.261,50 €
4. A Asociación Down, comprométese a desenvolver o programa de A.F. nas condicións establecidas no presente convenio, na instalación deportiva municipal do pavillón de Lavadores nos horarios e datas establecidos no texto do convenio.
5. A Asociación Down presentará, á sinatura do convenio o programa completo da actividade.
6. A Asociación Down é o responsable do desenvolvemento das actividades na instalación Municipal, debendo estar presente na instalación en todo momento o responsable das mesmas.
7. A Asociación Down comunicará ó IMD con antelación suficiente calquera cancelación ou alteración nos horarios das actividades.
8. O IMD non terá ningunha responsabilidade co calquera incidente que poidera resultar derivado do desenvolvemento do programa de actividade.
9. A Asociación Down presentará, previa á sinatura do convenio, unha póliza de responsabilidade que garante as coberturas suficientes ós participantes na actividade, e os posibles danos que ésta poidera causar no patrimonio Municipal.
10. As persoas que participen na actividade na instalación, será exclusivamente as vinculadas ó programa de A.F. do centro, non estando permitido ningún outro uso que non sexa o desenvolvemento do programa de A.F obxecto do presente convenio.
11. Os e as participantes no programa accederán á instalación precedidos polo responsable do mesmo, non estando permitido o acceso dos participantes en caso contrario. Da mesma forma, o responsable será a última persoa en abandonar a instalación, asegurándose de que ningún participante do programa queda na instalación.
12. O Instituto Municipal Dos Deportes de Vigo, aportará o espazo para o desenvolvemento das clases.
13. A Asociación Down Vigo comprométese a abrir e pechar a instalación nos horarios establecidos cando a instalación non esté operativa, facéndose responsable do acceso e control dos usuarios deste proxecto. Para tal efecto, a Asociación Down Vigo remitirá ó IMD á sinatura do convenio os datos dos responsables da actividade, así como o listado de participantes nela.
14. O IMD resérvase a posibilidade de dispoñer da instalación por cuestións de programación. Neste caso se avisará por escrito á entidade, debendo ésta cancelar a actividade na instalación Municipal.
15. A vixencia deste convenio é para as citadas actividades nos seguintes horarios dende a sinatura do convenio o 1 de outubro de 2014 ata o 31 de xullo de 2015:

día	Horario
Luns e Mércores	16,00h a 17,00h
Martes	11,00h a 14,00h

16. O Convenio deberá renovarse curso a curso, previa solicitude da Asociación Down Vigo nas datas establecidas na normativa do IMD.
17. O Presidente do IMD queda facultado para resolver calquera dúbida ou litixio que puidera derivarse do desenvolvemento deste convenio.

Como proba da conformidade asinan en Vigo o presente convenio por triplicado, o día 14 de Outubro de 2014

O Alcalde de Vigo

A Representante da Asociación Down Vigo

Asdo. Abel Caballero Álvarez

Asdo. Fernando Molina Magdalena

A Secretaria da Xunta Rectora do IMD

Asdo. Concepción Campos Acuña

